

# Cen anos de programas de festas en Betanzos

## A evolución dunha curiosa publicación


XESÚS TORRES REGUEIRO\*



Co paso dos anos, esas publicacións que un día serviron para anunciar as festas patronais, e ao mellor deleitarnos e ilustrarnos con algunha colaboración literaria ou gráfica, pasan a teren un valor en si mesmas. Perdendo actualidade foron gañando perennidade. Por iso quixemos aproximarnos coa perspectiva de cen anos, ou algo máis, a estas peculiares publicacións. Un século, ano tras ano, de San Roques e de programas, aos que nos asomamos non para ollar como evolucionou a festa (non demasiado, certamente: Globos e Caneiros sempre como eixo típico, tópico e diferenciador), senón a evolución dos propios programas, prólogo e anuncio daquela.

Despois da eclosión da prensa local nas primeiras décadas do século XX e finais do anterior, o libro-programa de festas convertiuse nos últimos tempos no derradeiro reducto dos escritores locais. Ademáis destacados e coñecidos escritores doutros lugares non rexitaron a colaboración nos humildes programas de festas ou viro reproducidos textos seus publicados noutros medios. No caso de Betanzos non faltan nomes coñecidos como os de Alvaro Cunqueiro, W. Fernández Flórez, Manuel María, Trapero Pardo, Alonso Montero, González Garcés ou Neira Vilas, aparte dos locais Vales Villamarín, J.A. Miguez ou Xulio Cuns, entre outros. Tamén se teñen recuperado nas súas páxinas textos de

\* Xesús Torres Regueiro é betanceiro, mestre de EXB e escritor.



escritores fallecidos. Todo iso, xunto coa parte gráfica, converte ao programa de festas nunha publicación curiosa e estimable.

#### OS PRIMEIROS PROGRAMAS

M<sup>a</sup> Luisa Sobrino di na súa obra *O carcelismo en Galicia* (Ed. do Castro, 1993):

"Desde finais do século XIX, tanto en Compostela como en A Coruña, coménzase a imprimir un cadernillo co programa dos festexos. A súa publicación corría a cargo de distintas entidades cidadáns, como as "Ligas de Amigos", sociedades deportivas... e máis tarde por encargo do Concello. Nos seus textos apréciase xa unha clara diferenciación entre actos relixiosos e profanos, perdendo paulatinamente importancia os primeiros para acabar ocupando o protagonismo informativo os actos populares."

¿Desde cando se publican en Betanzos? Descoñécese exactamente, máis deben vir tamén de finais do século XIX. Brais da

Bouza di na *Gran Enciclopedia Gallega* (tomo 3, voz "Betanzos") que se editan polos menos dende 1886. Non sabemos de certo se o dese ano é o primeiro, mais si que o houbo, xa que o semanario *Las Mariñas* referíase ao programa dese ano, "elegantemente impreso" na imprensa da viúva de Castañeira, como un "delicado traballo que honra a dicho establecimientu." Sen embargo, o primeiro que coñecemos é de 1892, e para iso non é máis que unha copia a man que se conserva no Arquivo Municipal dun orixinal impreso no obradoiro coruñés de La Gutemberg. Se temos en conta ademais do devandito que durante os tres anos da Guerra Civil suspendérónse as festas patronais, reanudándose festas e programa en 1939 -para celebrar o "Año de la Victoria", que para moitos fora derrota-, e que quizais algún ano non se publicou programa de festas pola premura de tempo ao formarse a destempo a comisión organizadora, ou por falta de recursos, resulta que en Betanzos levamos arredor de cen anos de programas de festas patronais publicados en corpo aparte<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Para a realización deste traballo baseámmonos na colección do Arquivo Municipal de Betanzos -parte orixinais e parte fotocopiados- e na do impresor Manuel Villuendas, a quen agradecemos a súa colaboración. En total con-

No 1890, o diario local *El Mendo* (nº 71, 7-VIII-1890), impreso no obradoiro de Villuendas, publicaba en folletín coleccional o programa das "Grandes fiestas en honor del patrono titular San Roque", sen máis texto que a relación pormenorizada de actos a celebrar e sen ilustración de ningunha clase. Seguramente faríase unha tirada aparte, aproveitando a montaxe realizada para o periódico, tal como se adoitaba facer nestes casos.

O programa de 1892, do que só coñecemos unha copia manuscrita, aparte da descripción dos actos festivos, apenas conta cunhas notas anónimas de introducción e apéndices, indicando aos forasteiros os monumentos que podían visitar en Betanzos.


O de 1895 coñecémolo por unha referencia de prensa. Editáronse nese ano tamén uns carteis, a varias cores, feitos na tipografía de Ricardo Pita, betanceiro instalado en Ferrol. Pola contra, os programas "con una cubierta á dos tintas, han sido tirados en la imprenta de Villuendas de esta ciudad, siendo el primer trabajo que de algún empeño hemos visto aquí." E non debía ter nada especial: "Lo de siempre es lo que contienen los programas", dicía como resume El Bachiller Hungarelo, corresponsal do periódico coruñés *El Diario de Galicia* no do día 13 de xullo dese ano. O que denota tamén que, alomenos por esa vez, fixose con antelación suficiente para espallar por aquí e por acolá. Este cartel impreso no obradoiro ferrolán de Pita supón unha excepción á práctica da época, xa que os primeiros carteis de festas que se coñecen encargábanse fóra, nas grandes cidades españolas, segundo a citada M<sup>a</sup> Luisa Sobrino, e polo tanto neles non interviñan os



artistas galegos ata, polo menos, o ano 1909.

Nos anos 1906 e 1907 as festas de San Roque, organizadas pola Liga de Amigos, adiantábanse ao mes de xullo (dos días 13 ao 17) coa desculpa de non coincidir coas da Coruña, feito que restaba afluencia de coruñeses a Betanzos. Non debeu ser moi do agrado dos veciños esta decisión (renunciar a unha tradición secular por mor da competencia veciña) pois o Concello viuse na obriga de organizar outras, do 15 ao 18 de agosto. En contrapartida, os libros-programas editados pola Liga de Amigos foron uns dos más artísticos e coidos, empregándose por primeira vez a cor nos fotogravados da portada e tamén dúas tintas no texto. Esta Liga de Amigos quizais naceu por mimetismo da que existía

sultamos exemplares correspondentes a oitenta e dous anos: Na primeira década deste século faltáronnos por ver os de 1901 e 1908, na segunda os de 1912, 1913 e 1919; na terceira, os de 1922 e 1923. Na década dos coarenta só nos faltou o de 1948, e na dos cincuenta, os de 1953 e 1957. Entra dentro do posible que nalgún deses anos non se publicase.




na Coruña, organizadora das festas de agosto, que daquela non se chamaban de María Pita.

#### A EVOLUCIÓN DOS PROGRAMAS

Os programas de festas empezaron sendo iso, programas. Simples dípticos, catro páxinas unicamente, coa relación de actos programados. O paso seguinte foi a inclusión de publicidade e mesmo dalgunha fotografía, convertíndose nun folletín de máis ou menos páxinas, segundo a relación de anunciantes. O paso de folleto a libriño non é doado de apreciar ás veces. Coa aparición de textos e colaboracións literarias, xunto co aumento de fotografías e un maior número de anuncios acompañando a relación de actos festivos, a publicación chega a constituir ás veces un libro de certa entidade.

No de 1902 aparecen por primeira vez pequenos textos, reseñas sen asinar sobre as diferentes danzas gremiais e as festas en xeral, repetidas ao ano seguinte e outra vez

de novo en 1915. Durante moitísimos anos os programas prescindiron de textos históricos, divulgativos ou literarios. Será no do ano 1929, un dos mellor editados ata este momento, cando apareza un conxunto de textos variados: a transcripción das ordenanzas da cofradía de San Roque do século XVI, un texto sobre os monumentos por Núñez Díaz, outros sobre as feiras e o comercio, por T. López da Torre e J. Teijeiro, respectivamente, outro sobre a agricultura por Carlos Peña, varios pequenos textos anónimos ou asinados con iniciais e un poema de Vales Villamarín.. Porén, en anos sucesivos abandónase esta práctica (coincidindo con programas moi modestos e mesmo pobres) ata 1934, en que aparecen textos anónimos sobre as dúas danzas gremiais que ainda se mantíñan, e tres sonetos costumistas de Vales Villamarín, baixo o título xenérico *Estampas Betanceiras*. Despois da escasez e escasa calidade dos primeiros anos da postguerra, as colaboracións voltan ao programa de 1944: textos artísticos e documentais e rescártase



un poema ¡en gallego! do decimonónico Fernando G. Acuña. A partir de agora, exceptuando algúns anos en que se fan programas moi pobres e modestos, as colaboracións non van faltar: mestura de documentos históricos, artigos e textos literarios, algúns rescatados doutras publicacións, poemas... Nótase a man de Vales Villamarín, recén nomeado cronista oficial da cidade e académico da Galega, quen por estes anos botará a andar a publicación municipal *Anuario Brigantino* (1948, 1949 e 1951). A celebración de Xogos Florais en 1946, 1952, 1960, 1965 e 1971, xunto con outros concursos xornalísticos, fornecen de textos axeitados para incluir neste tipo de publicacións: cantos e louvanzas a Betanzos, ao viño, á paisaxe; artigos descriptivos e panexíricos... Outras veces recuperáranse textos doutras épocas ou extráense de xornais e revistas, non sendo rara a repetición.

A partir de certo momento empézanse a publicar colaboracións que sobrepassan o artículo en si e que en realidade xa son traballos de investigación. Deixando aparte

traballos de Vales Villamarín que ainda sendo de investigación non son moi extensos (a brevidade é característica de case todos os del), teñen aparecido traballos interesantes e de certa entidade sobre aspectos da historia local,. Para moitos, o programa de festas non é o lugar axeitado para este tipo de traballos, máxime existindo unha publicación municipal como o *Anuario Brigantino*; outros, en cambio, pensan que lle dan máis empaque.

Ainda así, a evolución non é lineal: os apuros de última hora (comisións organizadas a destempo), a maior ou menor importancia que os organizadores lle conceden á publicación do programa, o estado económico (na presentación do programa de 1923 fálase, sen recato, de serias dificultades económicas para organizar as festas), a escasez e carestía de papel na postguerra (uso de papel estraza ou "confitero" en 1940, exemplares con diferentes clases de papel no 1941)... Son factores que condicionan a imaxe externa e a entidade da publicación, que sempre carece de paxinación, quizais para favorecer a

inserción de publicidade a última hora. Así, o de 1950 non é máis ca un díptico, que por non ter nin ten pé de imprenta. Tamén é pobre o do 55 con oito páxinas sen colaboracións gráficas nem literarias. A comenzaos dos anos sesenta pasa por unha pequena crise: o do 1960 non é máis ca un folioplegado, catro páxinas leva o seguinte e o do 62 é un tríptico. O de 1963 xa recupera o aspecto de libriño, con coarenta páxinas e fotografías. Neste ano aparece por primeira vez o Saúdo do Alcalde e do presidente da comisión de festas, coas correspondentes fotografías. O Saúdo da raíña das festas (figura de moderna invención que quizais teña como antecedente a raíña dos Xogos Florais) non aparecerá ata o de 1977.

O primeiro texto galego en prosa será tardío, pois non aparece ata 1969, sendo o seu autor Xulio Cuns. E más tardía, ou recente, será a primeira portada enteiramente en galego, que non aparece ata 1983.

Nos últimos vinte anos ten habido de todo: traballos históricos, textos e documentos recuperados, poemas e artigos escritos para a ocasión...

Entre os anos 1985 e 1987 encargouse da confección do programa o grupo "Unia", Seminario de Estudios Mariñáns, colaborando membros desta entidade case unicamente. Ultimamente é a Concellería de Festexos a encargada da súa elaboración.

Todas esas aportacións que fomos enumerando, xunto coa percura dunha certa calidade e gosto artístico (que na época da tipografía case sempre é obra do impresor) e a exaltación da paisaxe, os fastos e os monumentos locais, convírteo nun obxecto impreso estimable, debecido por moitos veciños para gardar ou enviar ao familiar emigrado.




#### AS PORTADAS DOS PROGRAMAS

Pasenialmente as portadas dos programas de man das más importantes cidades galegas, xeralmente impresos por obradoiros locais, van adquirindo importancia e calidade. Así, para os de Santiago realizaron capas a cores artistas da categoría de Castelao (1912), Corredoyra (1913), Juan Luis (1915), Camilo Díaz (varios nos anos vinte e trinta), Maside (1931)... Os da Coruña, realizados por artistas como Pedrero, Saborit, Román Navarro..., tamén a cores, imprimíanse xeralmente na Imprenta e Litografía de M. Roel, unha das poucas que podía acometer este tipo de traballos a cores.

No caso de Betanzos as primeiras portadas son confeccionadas polo propio tipógrafo. Logo incorpora fotografías e debuxos ou fotografías acompañadas da composición tipográfica. Tamén gravados, ben acompañados de tipografía ou ben sobreimpresos.

Poucas veces aparecen portadas confeccionadas totalmente por artistas: As de



1903 (esta inclúe unha fotografía) e 1909 están deseñadas por Francisco J. Martínez Santiso. Nas de 1906 e 1907 parece apreciarse tamén a man deste artista local. A capa do de 1929 é un óleo do que non coñecemos o autor. A de 1930 deséñaa enteiramente o notario local Alguero Penedo, do que non se coñecen outras mostras artísticas. A de 1934 está deseñada por Camilo Díaz. Dez anos despois un deseño de Vidal Lombán serve de portada. A do ano seguinte é unha orixinal portada de Veiga Roel, mesturando formas caligráficas que enmarcan un dibuxo a lapis de Betanzos. Para a de 1946 fai un debuxo Emilio de la Iglesia Caruncho. As capas de 1959 e 1960 son da autoría do artista local Jesús Núñez, ben diferentes no seu estilo: moderno con aire cubista o primeiro e debuxo tradicional o segundo. Orixinalidade teñen tamén as de Eduardo Muñoz de 1963 e 1966, coloristas e con aspecto de collage. Un óleo que recoulle unha vista xeral de Betanzos de Quintas Goyanes foi a portada de 1964.


Moitos destes elementos, fotos e debuxos repetíranse varias veces como motivos ornamentais. Algúns anos repetiuuse unha portada, retocándolle algo do texto e a data: a de 1906, cando foron as festas en xullo, repítese ao ano seguinte. O motivo da de 1910 repítese cinco anos despois, trocando a foto da esquerda para a dereita. Os mesmos elementos tipográficos da de 1914 aparecen de novo en 1921 con lixeiros retoques no texto. A de Camilo Díaz de 1934 reaprovéitase en parte en 1958. A de Vidal Lombán de 1944 repítese en 1951, outra vez en 1961 e de novo no 1968, apreciándose a veces sinais da reutilización.

Deseños a lapis de Seixo (Carlines) ocupan as portadas do 73 e 74. Vello desenho a lapis de Veiga Roel aparecen nas capas de 1971 (este reproducido a cores), 75 e 76. Unha fotografía do seu fillo José Antonio co globo de protagonista é a capa do ano seguinte. Nos anos 78, 79 e 85 reproduce deseños a cores de Eduardo Muñoz, que quizais servisen tamén para carteis. A portada de 1980, que tamén foi cartel, é de

**BETANZOS**  
EN SU  
GRAN SEMANA  
DE  
FIESTAS POPULARES



QUE SE CELEBRARAN  
los días  
13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20  
y  
25  
de  
AGOSTO  
de  
1933



Lito. No 81 reproduce un óleo de J.L. Parra. Unha fotografía de Fersal ilustra a de 1982. Nos anos 83 e 84 Xosé Antón realiza a capa, que tamén serviu para cartel. No 87 e 88 encargouse de deseñar as portadas Palla e no 86 e 90 foron artistas foráneos relacionados cos cursos de Gráfica. No 89 e 92 confeccionaron as portadas (e os carteis co mesmo deseño) Lalo e Manuel Muñoz, mentres que a do 91 deseñouna Luis Galán.

Nos últimos anos o programa tense acompañado da edición de carteis, dípticos e mesmo pegatiñas, que unhas veces reproduciron a capa do programa e outras tiñan

outros motivos gráficos diferentes. Un dos que máis destes elementos ten realizado (especialmente dípticos) é o artista local Eduardo Muñoz.

A partir de 1985 comenzouse a incluir propaganda na portada, cunha tira inferior que a afea e desvirtúa a obra do artista. Afortunadamente, nos últimos anos suprimiuse.

#### PUBLICIDADE E SOCIOLOXÍA

Tamén para o estudos, o investigador ou curioso das cousas locais, os programas de festas revélanse un inestimable almacén de datos.

# BETANZOS



1945

A través da publicidade imos vendo a evolución do comercio e da escasa industria local:

- ♦ Anuncios de comercios entrañables, xa desaparecidos hai anos: El Gato Negro, Almacenes Núñez...
- ♦ De vellas industrias doutro tempo: a primeira fábrica da luz de López Cortón, as industrias Hijos de A. Núñez...
- ♦ De nomes curiosos, rimbombantes e mesmo inxeniosos de establecementos: a taberna El Laurel de Baco, La Unión Cubana (en tempos da independencia da illa), La Flor de los Baratos, Zapatería El Buen Tono, a fábrica de gaseosas La Sin Rival, o bar Entra y Verás, o bar Gasolina, La Proveedora Agrícola Gallega...
- ♦ Das novedades que un día foron anunciando un novo xeito de vida: a radio, a motocicleta, o automóbil, a televisión, os electrodomésticos...

O primeiro taller mecánico en anunciarce é o de José Couto en 1925. Neses anos vinte anunciábanse autos de alquiler da Viúva de Antonio Fariñas (coas marcas Buick, Dodge, Hispano, Fiat) e



Gerardo Vidal (Studebaker) o do coche correo, os dous na Infesta, continuadores sen dúvida daqueles cocheiros que tan necesarios se fixeran coa chegada do ferrocarril para comunicar a cidade coa lonxana estación do "Norte". Polos anos trinta aparecen anuncios da Sucursal de Bicicletas Cachaza, na Ponte Nova, e logo de Ventosa (1944), quen das bicicletas chegou aos automóbiles pasando polas motos. Estas motos aparecen por 1954 da man de Ventosa (Guzzi, primeiro e xa nos anos sesenta máis variedade: Lambretta, Bultaco...). Polos anos sesenta aparecen os anuncios de automóbiles utilitarios (Simca, Dodge, Renault,...) e tamén a mecanización do agro cos primeiros tractores, que traen consigo as estacións de servizo e a proliferación de talleres mecánicos.

O primeiro anuncio dunha radio é de 1939 (Philips, Javier Teijeiro) mais poucas debían venderse pois eran malos tempos: comenzaba a durísima postguerra. As televisións aparecen anunciadas a mediados dos anos sesenta (Werner,

J.Barreiro) e tamén os electrodomésticos en xeral.


En canto á introducción de novos gostos e sabores, polo 59 aparece o anuncio de "Pepsi Cola. La bebida de la cordialidad", tentando introducirse da man do seu distribuidor, quen andaba máis espabilado que a cola rival, da que non vimos anuncio.

A mediados dos anos sesenta comenza a aparecer publicidade de pequenos comercios e empresas da bisbarra: Bergondo, Velouzas, Miño, Ganderío, Guisamo..., quizais indicativos dun cambio socioeconómico na zona rural. Tamén aparecen por estes anos varios constructores e contratistas que anuncian o cambio da vivenda unifamiliar ou casa compartida a edificios e bloques de pisos.

Tamén serven para observar outras realidades sociolóxicas. Por exemplo:

- ♦ A simpatía e enxeño dalgúns anunciantes (que nalgúns casos puido ser do solicitante do anuncio): "Chirri no se anuncia", "El Restaurante Casanova se anunció ante la insistencia de Carlines" ou o recurso revirado de poñelo adrede ao revés, como a óptica Selgas. Os tres casos citados coinciden no programa de 1958. Claro que anuncios enxeñosos xa os houbera moito antes, como o da Panadería Francesa (do "Cojo Bernabé, competente maestro en pala y artesa...") ou os dez mandamentos da lei económica da Casa Roibás, publicados ao pé de dez páxinas; ambos no programa de 1927.

- ♦ A escasa disposición dos profesionais liberais á publicidade: Avogados, notarios, médicos... non foron dados a anunciar. O odontólogo Juan Casteleiro foi dos



primeiros médicos en anunciar (1925), uns anos despois aparecerá outro, tamén dentista, e un veterinario. Outro tipo de profesionais si o fixeron: barbeiros, xastres...

- ♦ A resistencia dalgúns anunciantes aos nomes das rúas impostos fronte aos tradicionais: por exemplo, a Rúa Travesa, rebautizada de Pablo Iglesias na II República e de José Antonio Primo de Rivera no Franquismo, poñendo moitos o tradicional en lugar do oficial, ou o tradicional entre paréntese detrás do outro. Resulta curiosa tamén a persistencia do topónimo popular Cuchiñas en algúns anunciantes.

- ♦ A puxanza económica do lugar da Infesta (os anunciantes prefieren poñer "O

Norte": aquí o nome tradicional sustitúese por outro que remata sendo popular) nos anos corenta con anuncios de panadería, fonda e merendeiro, exportadores de ovos e aves, fábrica de embutidos (en Montellos)... coa importancia que tiña a estación do ferrocarril e todo o trafego que criaba.

♦ Os tímidos intentos galeguizadores dalgúns comerciantes, ainda que fose nun galego dabondo imperfecto e algúns "bilin güés" con algunha frase enxebre: En 1941 aparece un anuncio de viño do país: "Para viño do país 'A perdís' de Andrés Gómez". Ou aquello que establecía un paralelismo coa tópica pregunta: "-¿Que queredes Betanceiros? -¡Comer ben e barato! -¿Donde?". A resposta era no restaurante coruñés El Rápido.

Deixando a un lado os primeiros e aqueles que intercalaban un texto en galego para a nota enxebre, observamos como ata o programa de 1970 non aparece publicidade en galego e curiosamente tamén relacionada co viño, quizais polo don que este ten de "desatar" lingüas, ainda as más reprimidas: as compañías vinícolas recién instaladas en Betanzos, Coes e Viñalar, e no caso concreto de Viños Coes coa imaxe de dous personaxes ben populares e enxebres como o Cafú e o Xanocas. Ao ano seguinte aparecen varios anuncios en lingua galega: Emilio Morandeira, Muebles Calvo, Vda. e fillos de Manuel Otero Pérez, Transportes Gándara i excursións Pisón. Mais a cousa non se mantivo e algúns destes mesmos anunciantes voltaron a facelo en español. Na actualidade, dos escasos que se publicitan en galego no programa, o máis veterano é o da docería Rábade.

E mesmo diversos acontecimentos na vida da cidade ficaron tamén plasmados nestes programas, a veces como un número máis dos festexos: a entrega oficial do ladeiro gratuito das Cascas, construído polos irmáns García Naveira (1902), o

# BETANZOS

(ANTIGUA BRIGANTIUM)

1956



FIESTAS PATRONALES EN HONOR A

## SAN ROQUE


14 al 26 de agosto

pasamento do indiano filántropo I. Portal Montenegro (1903), a colocación da primeira pedra das escolas municipais Jesús García Naveira (1917), a inauguración oficial da traída de augas (1934), a inminente inauguración do Gran Cine Capitol (1942), etc.

## AS IMPRENTAS E LUGARES DE IMPRESIÓN

Agás casos contados en que se imprimiu en diferentes obradoiros da Coruña, e incluso nunha ocasión en Viveiro e varias veces na Guardia nos anos setenta, a maior parte dos programas de festas imprimironse nos obradoiros locais, moi especialmente no de Manuel Villuendas, a imprenta máis antiga de Galicia en funcionamento.

Os primeiros programas imprimironse no obradoiro da viúva de Castañeira, que foi a primeira imprenta que se instalou en Betanzos, aló polo 1851. E ainda que o programa de 1886 fora louvado no semanario Las Mariñas como "elegantemente impreso" e "delicado trabajo que honra a



FESTAS PATRONALES

## BETANZOS 1959

dicho establecimento", cómpre ter en conta que o dito semanario imprimise naquel obradoiro e quizais estaba obrigado a chufar as súas producións. Por iso, ás veces (como ocorreu no de 1892, impreso en La Gutemberg) acudiuse a imprensas coruñesas en busca de maior calidade.

Rematando o século a imprenta de Manuel Villuendas, instalada en Betanzos desde 1859, mercaría unha "Minerva" que funcionou moitos anos e coa que se imprimiron moitas publicacións. O programa de 1895, por eles tirado, xa presentaba unha cuberta a duas tintas e foi valorado polo Bachiller Hungarello como o primeiro traballo "que de algúñ empeño hemos visto aquí". A imprenta Villuendas, pois, adiantábase tecnicamente á decana e obsoleta de Castañeira, que xa era de segunda man cando comenzara a funcionar na localidade.

Quizais por limitacións técnicas, para a reproducción a cores e fotografías, volve varias veces a imprimirse en obradoiros coruñeses: Roel (1900), Ferrer (varios anos a partir de 1907). Villuendas volve



encargarse durante boa parte das décadas dos anos dez, vinte e trinta. Durante a II República acudiuse de novo un par de veces a obradoiros coruñeses (Tipografía Obrera, 1933; Roel, 1935) e non, certamente, para mellorar, pois o primeiro non foi máis ca un sinxelo diptico e o outro ten unha portada insulsa.

Na postguerra volve encargarse a Villuendas, quen loita contra os imponentes (escasez de papel e doutros medios técnicos, ínfima calidade do dispoñible...) para facer un producto minimamente digno. De xeito esporádico volve facerse en obradoiros coruñeses (El Ideal Gallego, 1951 e 54; Lombardero, 1955; Roel, 1960), ao negarse Villuendas a confeccionalo a causa dos reiterados atrasos e impagos municipais ou das respectivas comisións de festexos.

Nos anos sesenta imprímese varias veces na recién aberta imprenta Lugami (1961 en adiante) alternando con Villuendas.

Recorrírase de novo á Coruña (Gráfico Galaico, 1971; Gráficas Venus, 1980) e a

localidades tan distantes como Viveiro (Artes Gráficas A.Santiago, 1974) e A Guarda (Imprenta Guardesa, 1975, 76, 78 e 79) quizais na percura de economizar ou por intereses dalgún membro da comisión.

No 1981 imprimíuse noutro obradoiro local que viña de instalarse: a imprenta Alma. E ao ano seguinte volve imprentarse en Villuendas, sendo esta a última vez que se realizou con sistema tipográfico, se ben antes xa se tiña impreso a offset noutros obradoiros. Dende 1983 e ininterrumpidamente o programa (que xa raramente baixou das cen páxinas e mesmo chegou a superar as duascentas) imprimiuse en Lugami, xa con offset e medios técnicos completamente renovados.

#### OS PROGRAMAS EDITADOS POLA CASA NÚÑEZ

Polos anos vinte a casa comercial Hijos de A. Núñez (de moita importancia e puxanza por aqueles anos) publicou uns programas de festas patronais para obsequiar á súa clientela. Non foi esta a única actividade de editora da Casa Núñez, que publicou coleccións de postais, folletos publicitarios que insertaban fotografías dos monumentos locais, a luxosa *Revista Núñez* de carácter anual, a publicación *Betanzos, Guía del Turista*, con motivo da Exposición Universal de 1929, etc.

Os programas "Obsequio de los grandes almacenes Núñez" son semellantes a algúns dos oficiais, coa particularidade de que toda a publicidade é da casa editora e de non constar o ano a que corresponden. Un deles, aparte do programa de festexos, trae catro fotografías (unha delas do vapor Salinas que era propiedade da casa anunciadora). Outro, que debe corresponder a 1927, non inclúe ningunha fotografía, reproducindo un debuxo de Seijo Rubio (que tamén se publicou na *Revista Núñez*) na contracapa. Ningún deles ten colaboracións nen textos literarios. Ambos foron impresos en Villuendas



del 14 al 24 de agosto



#### OUTROS PROGRAMAS DE FESTAS LOCAIS

Cómpre dicir que algúns barrios de personalidade definida, caso da Angustia e A Ribeira, resistíndose quizais a unhas festas de segunda, tamén fixeron os seus intentos de publicar programas de festas, que en ocasións (por exemplo A Angustia no 1982 e A Ribeira nos últimos anos) teñen unha certa dignidade gráfica e mesmo literaria, aparte da función primordial de recadar cartos a través dos anuncios comerciais.

O barrio da Ribeira (xérmolo fundamental da parroquia de Santa María do Azougue, levantada polo gremio dos mareas) foi un dos que mantivo unha personalidade máis acusada dentro do conxunto da cidade e as súas festas eran quizais as de máis importancia logo das patronais. Foi tamén pioneiro na publicación destes programas: coñecemos un de 1923 e outro de 1926, con publicidade e fotografías. Xa más recentemente volveuse publicar en 1981, reanudándose a publicación en



1991 ata o ano actual. Abundante publicidade, fotografías e algúns textos literarios de diversa calidade componen a publicación, que ten chegado a case noventa páxinas. Quizais o máis interesante nos dos últimos anos sexa a recuperación de fotografías antigas relacionadas co barrio, algunha de carácter familiar e etnográfico.

O barrio da Rúa Travesa (se ben pertence a Santa María e polo tanto comparte festa parroquial) ten celebrado algúns anos a festa de San Pedro. No 1943 publicábase un folleto de catro páxinas, con publicidade, para anunciarlas. Curiosamente celebrárona o día vinteseis de xullo, cando o San Pedro é o vintenove de xuño.

Outro barrio con forte personalidade e con festas importantes (Os Remedios, Os Alborotados, hoxe decaídas) é o da Ponte Vella-Os Remedios, mais non temos noticia de que chegasen a publicar programas de festas. O mesmo pode dicirse doutras festas de barrio más modestas: a da Madalena, a do Candil na Cruz Verde, a do Carme na Fontedunta, a do San Antonio nas



Cascas, hoxe xa praticamente desaparecidas.

Hoxendía, esta tradición de publicar un folleto programa de festas, que só era propio de cidades e vilas importantes, pasou a ser imitada por moitas parroquias e concellos rurais, áinda que o seu contido conste únicamente de anuncios e algunha

fotografía, sen a menor mostra literaria, evidenciándose como un mero axente "recaudatorio".

## CONCLUÍNDO

Unha publicación que comenzou sendo un folletiño anunciador dos actos festivos a realizar rematou converténdose co paso dos anos nun libro peculiar, a xeito dun "caixón de xastre", onde colle todo aquelo relacionado coa cidade e que contribúa á súa exaltación ou publicidade exterior: fotografías, deseños, textos divulgativos, propagandísticos, históricos ou creativos, e por suposto a publicidade financiadora. Para chegar a isto pasou por moitas vicisitudes e formas: díptico, tríptico, políptico, folleto... e non sempre en progresión, senón pasando por sucesivos altibaixos. Dende os anos setenta

semella terse asentado definitivamente nunha publicación característica con vocación de libro.

Podemos concluir dicindo que na actualidade o libro-programa das festas patronais de Betanzos xa é un elemento case imprescindible como antesá e anunciación das festas, que cada vez se asemella más a un libro polo seu volume, e que o seu contido é unha suma de colaboracións máis ou menos literarias (case se podería falar dun subxénero de programa de festas formado por aqueles artigos e ás veces poemas feitos exprofeso), artísticas (fotografías, debuxos, reproducións de pinturas...), o programa en si, precedido polo saúdo da Alcaldía e raíña das festas, e... a inevitabel propaganda. Imos a publicidade e xa non volvemos.

## APÉNDICES

### I

#### NÓMINA DE COLABORADORES E AUTORES DE TEXTOS

- Alonso Montero, X.: 1971  
Alvarez Crespo, María: 1975, 1985, 1987, 1988  
Alvarez Teijeiro, Carlos: 1989.  
Alvarez Torneiro: 1967.  
Allegue, José Manuel: 1978.  
Andrade Vidal, Xoán Manuel: 1979, 1985, 1986, 1987.  
Anduaga Arrúe, Ramón: 1951.  
Ares Faraldo, Manuel: 1964, 1976.  
Arias Real, Joaquín: 1978, 1979, 1983, 1984, 1991, 1992, 1993.  
Arlt, Robert: 1992 (+)  
Armada, Pablo-Jesús: 1976, 1977, 1978.  
Astray, Francisco: 1965.  
Avilés de Taramancos: 1993 (+)  
Barallobre Fernández, Pablo: 1982.  
Barbeito Herrera, Manuel: 1952, e repet. en 1961, 1966 e 1969.  
Beade, Andrés: 1981, 1993.  
"Betanzos, Juan": 1964.  
Bocelo: 1963.  
"Brais da Bouza": 1975, 1976, 1977, 1978, 1982, 1983, 1987, 1988, 1989, 1990, 1992.  
Bugallal, José Luis: 1990.  
Buyo Díaz, Eugenio: 1989.  
Cabado: 1993.  
Cabado Bouzas, Chicha: 1988.  
Camacho Lliteras, Juan Luis: 1990, 1992.  
Cancela Gómez, José: 1972, 1984.  
Caparrós, Luis: 1963.  
Carballal Pernas, Ramón: 1963, 1967, 1975, 1976, 1977.  
Carro Carro, Pedro: 1980, 1981.  
Casal, Paco: 1974.

- Casanova, Sofía: 1946, 1964 (rep.)  
 Castells Vila, M<sup>a</sup> Rosario: 1976, 1988.  
 Castillo, Angel del: 1944, 1946, 1947.  
 Cortés García, Amador ("o fillo da Xela"): 1978.  
 Cortés Pereiro, Xoán: 1988, 1989, 1991.  
 Couceiro Vicos, José Luis: 1990, 1993.  
 Crespo, Celestino Luis: 1945.  
 Cuartero, Luis: 1985.  
 Cunqueiro, Alvaro: 1956, 1967, 1977.  
 Cuns, Xulio: 1958, 1966, 1971, 1972, 1974, 1975, 1976, 1988, 1991, 1993.  
 Chao Mata, F.Javier: 1976.  
 Chao, Tino: 1979.  
 D'Halmar, Augusto: 1945.  
 Delgado, Agustín: 1985.  
 Devesa, M.: 1968.  
 Díaz Blanco, Elena: 1992, 1993.  
 Díaz García, Gumersindo: 1954.  
 Díaz Naveira, Emilio: 1988.  
 Erias, Alfredo: 1981, 1983, 1984, 1985, 1986, 1988..  
 Esparís Freire, Perfecto: 1964.  
 Faraldo Botana, M<sup>a</sup> Fernanda: 1977, 1978.  
 Fernández Barallobre, J.E.: 1989.  
 Fernández Florez, W.: 1947, 1965, 1969.  
 Fernández Pereiro, J.L.: 1989.  
 Ferreira, H.: 1983.  
 F.J.V.D.: 1981.  
 Folgueiras, M.: 1987, 1990.  
 Freyre de Andrade, Joaquín: 1946.  
 Fuente, Santiago de la: 1980.  
 Fuente, Vicente de la: 1981.  
 Fuentes Abeledo, Eduardo: 1976, 1979.  
 García Bodaño, Salvador: 1980.  
 García Acuña, Fernando: 1944 (+), 1976, 1978.  
 García Acuña, José: 1947 (+)  
 García G.-Ledo, Xosé Antón: 1982, 1983, 1985, 1986.  
 Geno Díaz: 1971.  
 Gil Martínez, M<sup>a</sup> Fernanda: 1977.  
 Gondell, Ricardo G.: 1972, 1974, 1975, 1982, 1989, 1990, 1991.  
 González Garcés, M.: 1963.  
 González, Angelina: 1969.  
 Guillín, Juan: 1975.  
 Herranz Benito, Manuel: 1971, 1974, 1976.
- Hervella, M<sup>a</sup> de las Moras: 1993.  
 Iglesias De Souza, Luis: 1978.  
 Iglesias González, Francisco R.: 1989, 1990.  
 Iglesias González, José Manuel: 1977.  
 Iglesias González, Tomás: 1964.  
 Isolino: 1989.  
 J.A.R.: 1983.  
 J.B.: 1976.  
 Javier y Cheché: 1982.  
 Labarta Pose, Enrique: 1965 (+)  
 Lareo Sánchez, Inés: 1990, 1991.  
 López da Torre, Tomás: 1929.  
 López Ferro, Eladio: 1983.  
 Luca de Tena, Cayetano: 1990.  
 Luengo, José M<sup>a</sup>: 1968, 1993.  
 Lugrís Freire, Manuel: 1947 (+)  
 Maino (tamén Maino, Jr. e Marcelino Alvarez): 1964, 1974, 1975, 1976, 1978, 1979.  
 Manuel María: 1956, 1985 (rep.)  
 Marcos, Julián: 1964, 1972, 1974.  
 Martín Arranz, Manuel: 1989.  
 Martínez Guerra, Andrés: 1981.  
 Martínez Guerra, P. Luis: 1974.  
 Martínez Lago, Esteban: 1988.  
 Martínez Morás, F.: 1954.  
 Martínez Pan, Natividad: 1985.  
 Martínez Santiso, Manuel: 1952 (+), 1964 (rep.)  
 Méndez Fuentes, Amparo: 1979.  
 Miguez, José Antonio: 1963, 1971, 1972, 1974, 1975, 1976, 1977, 1978, 1988.  
 Molina Taboada, Carmen: 1986.  
 Mon, Fernando: 1963.  
 Monot, Pierre: 1993.  
 Montero, Xosé M.: 1991.  
 Montero, Lázaro: 1954.  
 Morente, Xosé: 1975.  
 Neira Vilas, Xosé: 1993.  
 Noche Solís, Clemente: 1978.  
 Noya López, Pedro Ignacio: 1974.  
 Núñez Díaz, Antonio: 1929.  
 Núñez Lendoiro, José Raimundo: 1967, 1969, 1975, 1983, 1984, 1985, 1986, 1987, 1988, 1990, 1991, 1992, 1993.  
 Núñez Sobrino, Angel: 1979.  
 Ochaíta, José Antonio: 1949.

- Otero, Andrés (fillo): 1979.  
 Pedreira Dopico, Justo J.: 1992, 1993.  
 Peña, Carlos: 1929.  
 Pereiro, Antón: 1977.  
 Pereiro, Xoán: 1990.  
 Pérez Parallé, Xosémaría: 1975, 1986  
 Piñeyro Sanjurjo, Valentín: 1975.  
 Rabanal, Manuel: 1949.  
 Redondo Santos, José: 1988.  
 Rey Porto, Jacobo J.: 1990.  
 Ribagorza, Julio: 1966.  
 Río López, Antonio: 1985.  
 Rivadulla Conde, Isabel: 1987.  
 Rivadulla "Corcón": 1987.  
 Rivadulla Porta, X.E.: 1985, 1986, 1987.  
 Riveiro Loureiro, Manuel: 1991.  
 Rodríguez Galán, Miguel Angel: 1990.  
 Roel Longueira, Manuel: 1958.  
 Roldán, Manuel: 1956.  
 Romay, José Manuel: 1989.  
 Rozados, Xulio: 1991.  
 Ruiz Revuelta, Juan M<sup>a</sup>: 1968, 1973.  
 San Martín, Antonio de: 1946.  
 Sánchez, Antolín: 1976.  
 Sánchez García, Antonio: 1979.  
 Sanz Cancela, M<sup>a</sup> Jesús: 1985, 1987.  
 Seijo, Francisco-Carlos: 1966, 1976.  
 Serrabona, Juan P.: 1951.  
 Suárez Barros, Juan: 1973.
- Teijeiro Bugallo, Javier: 1929.  
 Torres Gómez, Beatriz: 1990.  
 Torres Regueiro, Xesús: 1982, 1990, 1991, 1992, 1993.  
 Touriñao, A.: 1983, 1992.  
 Trapero Pardo, J.: 1954.  
 "Un brigantino": 1983.  
 Urgorri Casado, Fernando: 1987.  
 Vales Villamarín, Francisco: 1929, 1934, 1959, 1965, 1971, 1972, 1973, 1974, 1975, 1976, 1977, 1978, 1980, 1981, 1982.  
 Valverde Madrid, José: 1988.  
 Vaquero Galindo, Obdulio: 1985.  
 Vázquez, Julio: 1971.  
 Vázquez Miguez, Manuel J.: 1991, 1992, 1993.  
 Verdes, José (tamén José V. Pena): 1976, 1977.  
 Villuendas, Julio: 1976.  
 "Xoumiña": 1977, 1978, 1986.  
 X.: 1929, 1966, 1969.  
 X<sup>m</sup> : 1929, 1931.  
 Xm: 1966

## II

### NÓMINA DE ILUSTRADORES GRÁFICOS E ARTÍSTICOS

- |                         |                                     |
|-------------------------|-------------------------------------|
| Abelenda , Manuel       | Fersal, fotógrafo.                  |
| Alguero Penedo, José.   | Forges (viñetas humor).             |
| Alvarez, S.             | Gabín, fotógrafo.                   |
| Andrade (debuxos)       | Galán, Luis.                        |
| Arume, fotógrafo        | García Blanco, Vicente.             |
| Avrillón, fotógrafo     | García Seoane, Ana M <sup>a</sup> . |
| Blanco, fotógrafo       | Geno (viñeta humorística).          |
| Ciorán, A. , fotógrafo. | Gondell , Ricardo G. (óleos).       |
| Cortés, F. (debuxos)    | González Villar, R.                 |
| Cortés, María José.     | Graña, Pablo (óleos).               |
| Díaz Baliño, Camilo.    | Lito (deseños)                      |
| Erias, Alfredo.         | López Wolf, Alicia.                 |
| Faraldo, fotógrafo.     | Loty, fotógrafo.                    |
| Feliú, Sofía (óleos).   |                                     |
| Ferrer, fotógrafo.      |                                     |

Martínez Santiso, Francisco Javier (fotos e debuxos)	Palla (debuxos)
Masaca, fotógrafo.	Prieto Nespereira, Julio: (gravados)
Méndez Pena (augafortes).	Rozados, Xulio (deseños)
Muñoz Vales, Eduardo. (deseños)	Seijo Rubio (debuxos)
Muñoz Vales, José Luis (deseños)	Seixo, "Carlines" (fotos e debuxos)
Muñoz, Lalo (deseños)	Seoane, Luis (deseños)
Muñoz, Manuel (deseños)	Sotomayor (óleo)
Núñez, Jesús (debuxos)	Veiga Sánchez, José Antonio (fotos)
Novío, fotógrafo	Veiga Roel, Xosé (fotos e debuxos)
Pardo, Marina (óleos)	Vidal Lombán: (debuxos)
Parga, J.L. (óleos)	Xogar (fotos)
	Xosé Antón (deseños)

### III

#### IMPRENTAS NAS QUE SE IMPRIMIU

Alma (Betanzos): 1981.	Tip. El Ideal Gallego (A Coruña): 1951, 1954.
Artes Gráficas A. Santiago (Viveiro): 1974	Tipografía Obrera (A Coruña): 1933.
Ferrer (A Coruña): 1903, 1907, 1911.	Villuendas (Betanzos): 1895, 1899, 1902,
Gráficas Venus (A Coruña): 1980.	1905, 1906, 1915, 1918, 1920, 1924,
Gráfico Galaito (A Coruña): 1971.	1925, 1926, 1927, 1928, 1929, 1930,
Guardesa (A Guardia): 1975, 1976, 1977, 1978, 1979.	1931, 1932, 1934, 1939, 1940, 1941,
La Gutemberg (A Coruña): 1892.	1942, 1943, 1944, 1945, 1946, 1947,
Lit. e Impr. Roel (A Coruña): 1900, 1935, 1960.	1949, 1952, 1956, (1957), 1958, 1959,
Lombardero (A Coruña): 1955.	1962, 1965, 1967, 1968, 1970, 1972,
Lugami (Betanzos): 1961, 1963, 1964, 1966, 1969, 1985, 1986, 1987, 1988, 1989, 1990, 1991, 1992, 1993.	1973, 1982.
	Viúva de Castañeira (Betanzos): 1886. □